

A CANDEA

Edita: Asociación "FONTE do MILAGRO" EXEMPLAR GRATUITO DECEMBRO 2005 Depósito Legal: LU-454-00 Nº 17

REVISTA DO CAUREL

SUMARIO

Páx 1	Portada, Foto: Roberto Ribao - Pisa da Castaña
Páx 2	(Guía de teléfonos)
Páx 3	Editorial
Páx 4	Para nos non vale
Páx 6	O Calendario
Páx 8	Ruta (SECEDA - PADERNE)
Páx 10	VII Filandón de músicas do Caurel
Páx 11	O Castiñeiro no Caurel
Páx 12	Disposicións Legais
Páx 13	Festa da Castaña
Páx 16	Uxío Novoneira
Páx 17	Federico García Cabezón
Páx 20	Raianos
Páx 22	O Caurel "a Crúa realidade"
Páx 23	Cousas que aconteceron
Páx 26	Antón Patiño
Páx 27	Recuncho para Poesía

TELÉFONOS DE INTERÉS

CENTRO MÉDICO (Folgozo)	982 43 30 33
CENTRO MÉDICO (Seoane)	982 43 30 90
HOSPITAL COMARCAL (Monforte)	982 41 79 00
EMERXENCIAS MÉDICAS	06 1
SOS GALICIA	112
CRUZ VERMELLA (Pedrafita)	982 36 70 06
CRUZ VERMELLA (Quiroga)	982 42 83 55
FARMACIA (Folgozo)	982 43 30 54
CASADO CONCELLO	982 43 30 01
CUARTEL GARDA CIVIL (Seoane)	982 43 30 83
AUTOBUSES "Empresa Caurel"	982 42 82 11
ESTACIÓN DE AUTOBUSES (Monforte)	982 40 49 50
ESTACIÓN RENFE (Monforte)	982 40 20 96
INCENDIOS FORESTAIS	085



A asociación "FONTE do MILAGRO" e a dirección desta revista non se fan reponsables dos traballos que nela se publican. Esta responsabilidade pasa ó autor/a.


Si achegas algún traballo para que sexa publicado debe vir acompañado dos datos persoais. Non se publicarán, fotografías, textos, etc. nos que se descoñeza a identidade do autor.

Asociación Cultural "FONTE do MILAGRO"

Tlf.: 982 210 128 - 619 025 252

E-Mail: froxan.vila@terra.es

Web: www.fontedomilagro.org



Ó PE DA FERMOZA DEVESA DE PADERNE

A MELLOR MANEIRA DE DISFRUTAR DA NATUREZA

Información e reserva: Tfno e Fax: 982 185 110 Paderne, O CAUREL

ALUGUER
DE QUADS



Editorial

"O Castañal" como se coñece polas terras caurelãs ó outono (está claro a que se debe o nome) quizás hoxe non tanto, pero fai anos e incluso séculos a vida na zona nestas datas xiraba arredor do castiñeiro. A primeiros de outubro sóltanse os primeiros orizos e con eles as primeiras castañas, as máis saborosas, por suposto; pouco a pouco o chan cóbrese de froito e folla e comeza a recollida; a actividade da un xiro e as xentes a recoller a froita caída do ceo, como din algúns a comida máis san e natural ou como se di agora a máis ecolóxica e pode que non sexa mentira si a comparamos con outros froitos ou alimentos chegados dende o campo. Ata o de agora no Caurel, no cultivo da castaña, non se utilizan abonos químicos, pesticidas nin herbicidas, o único produto contaminante que poda vir do exterior e que aquí non pode ser moito.

O Caurel nestas datas arrecende a castañas asadas, a fume de sequeiros, a folla mollada que enche soutos e camiños, un cheiro san, natural, que en moi poucos lugares deste planeta se pode apreciar, por todo isto a Serra é así... tan natural.

Cando nos poñemos á faena para editar **A CANDEA**, que normalmente sae a primeiros de decembro, sempre temos como referente o soto, o castiñeiro e a castaña, honrados estes en boa parte da xeografía galega, poucas son as localidades galegas onde non se celebran os magostos... todo un ritual e motivo de moitos festexos, castañas asadas e viño novo menú típico nos moitos e moitos lugares onde se honra a San Martiño e se non coincide dáselle outro nome: Festa do Magosto, Festa da Castaña Asada etc. Milleiros e milleiros de quilos de castañas pasan polo lume rebentando a súa enchedura e enchendo moitos bandullos.

No Caurel como unha das zonas de máis castaña da nosa comunidade, non se podía quedar sen facerlle un recoñecemento e así celébrase a Festa da Castaña onde lugareños e persoas chegadas dende moitos puntos dan conta dos centos de quilos que a organización ofrece, pero non só de castaña asada vive o home... esta pódese degustar de mil e unha forma e cada día úsanse máis para a elaboración de pratos, e que se está a converter sobre todo en países



coma Francia e Italia nun succulento bocado nos máis prestixiosos restaurantes.

A castaña seca é outra variedade que estivo máis presente do que está na zona. Fai anos, centos de sequeiros fumegaban todo o outono ou castañal para secar miles e miles de quilos e así desta maneira poder gardar o froito todo o ano. Compre lembrar que durante séculos foi base do alimento das persoas e animais no Concello. Non había fogar que non tivera unha ou máis construcións deste tipo para facer o proceso de secado que en condicións normais duraba uns 20 días, logo do secado viña a Pisa, labor que consiste en separar a cáscara seca da castaña e así quedar esta completamente limpa para gardarse. Este proceso ou labor é unha das actividades que a Asociación Cultural "FONTE do MILAGRO" recuperou e dende o ano 1999 se fai de xeito habitual coincidindo coa ponte da Constitución e Inmaculada no mes de decembro; ó mesmo tempo ofrécese unha degustación de castañas secas cocidas con produtos do porco e postres feitos a base de castaña. Este é un xeito de render un tributo a esta árbore e a súa froita e ó mesmo tempo amosar e recuperar oficios que antano eran cotiás no Caurel e arredores e que, pouco a pouco, caeron no esquecemento.

Non só coas festas da castaña rendemos homenaxe ó froito e árbore, dende o colectivo quixemos facer unha lembranza e cando decidimos bautizar esta publicación decantámonos polo nome de **A CANDEA** que é así como se chama a flor do castiñeiro.

Amigo lector da Revista do Caurel, lembra que cando olles, leas, ou teñas esta revista nas mans estás a homenaxear ó CASTIÑEIRO, pai das árbores do Caurel.

O Presidente

 **MORENO** 

No antigo obradoiro do pintor Avari. **MORENO** convida a viño doce a tódolos amantes do CAUREL.

**ARMANI-MOSCHINO-CALVIN KLEIN-DKNY-ADOLFO DOMÍNGUEZ
TOMMY-BELSTAFF-BARBOR etc.**

Moreno. • C/Marqués de Ugena, 40 Sarria (Lugo) • Tfno.: 982 530 791

PARA NOS NON VALE



Na Voz de Galicia do día 12 de setembro saíu un artigo firmado por María Cedrón, cun título moi atractivo: "Medio Rural pretende obligar a dar uso a las fincas abandonadas". ¡Que ilusión! Sen dúbida sería unha boa noticia se se levará a cabo; suporía a salvación de moitos concellos coma o noso en toda Galicia. Para uns representará a solución a un problema de moitos anos, e para outros non suporá nada máis que unha noticia coma tantas outras. Sacaranlle partido aqueles concellos con visión de futuro. Obviamente para nós non vale por ser moi progresista para a mentalidade da maioría dos habitantes do Caurel, ademais de ser condición indispensable poñerse todos de acordo á hora de levar a cabo a concentración, e iso é máis difícil que ver ó demo facendo obras de caridade.

Entre outras cousas, pretenden crear un banco de terras para permitir unha maior mobilidade dos terreos e abaratar o seu custo. Aínda que tardaron, por fin decatáronse de que o medio rural merece unha atención especial para evitar que desapareza definitivamente.

Como é lóxico, todos os que dende hai anos nos resistimos a ver morrer impasiblemente os nosos pobos e defendemos, a través de artigos publicados nesta mesma revista, a viabilidade da agricultura ecolóxica no noso Concello, vemos con esperanza que dende as altas institucións da Comunidade se tomen medidas encamiñadas a paliar ese constante pinga da despoboación. Por agora para nós non suporá ningunha solución ó tratarse dunha opción voluntaria e non de obrigado cumprimento, lamentablemente, pero dentro duns anos pode que sí.

A idea do departamento de Medio Rural é que o 100% da superficie agraria de Galicia teña unha utilidade, xa que en torno ó 67% do terreo rústico está parado. Unicamente produce toxos e silvas ou xestas. Ademais, segundo datos recollidos do mesmo artigo, o tamaño medio das

explotacións agrarias na nosa comunidade é de 4,4 hectáreas fronte as 17,9 de media no conxunto do Estado. Estes datos refírense á media, pero no Caurel hai moitos leiros que non fan máis de 25 ou 30 m², e con esas extensións habería que acabar canto antes para dar entrada a unha agricultura máis productiva e con maiores extensións, da que puideran vivir unhas familias que evitarían a desaparición dun Concello tan castigado pola emigración coma o noso.

No artigo teñen presente o problema do minifundio, e para remedialo pretenden facilitar o acceso á terra para poder ampliar o tamaño das explotacións e abaratar o prezo das parcelas rústicas, eso sí, sempre co consentimento dos propietarios. Pero se temos en conta o carácter das xentes dalgunhas zonas coma a nosa, vai ser moi difícil chegar a algo positivo, sobre todo se seguimos sobrevalorando as terras tan desmesuradamente cando alguén se interesa por elas coa pretensión de facer algo. Por iso, para nós non vale.

Segundo un estudo elaborado por Caixa Galicia no ano 2003, o prezo da hectárea na comunidade galega era de 15.473 euros de media, fronte ós 8.553 do resto do Estado. Isto, loxicamente, fai desistir a calquera que pretenda investir nun Concello, sobre todo no Caurel, onde os propietarios prefiren ver as leiras cheas de fentos antes que vendelas a alguén que as faría rentables e crearía riqueza para beneficio de todos. No momento en que alguén se interesa por unha parcela o prezo dispárase coma se no seu subsolo houbera unha gran bolsa de petróleo ou foran auríferas. Se en todos os sitios se fixera así, hoxe aínda iríamos vestidos cunha folla de parra.

O día 13-9 sae outro artigo no mesmo diario aclarando que Medio Rural descarta expropiar, e que potenciará a unión de agricultores. As modalidades serían incentivar a unión de pequenos agricultores e impulsar a formación de explotacións en común por medio de fórmulas como cooperativas ou sociedades anónimas. Por eses sistemas, mal o temos no Caurel, posto que de todos é coñecido que precisamente nesta zona os cooperativismos non entraron nin entran nos planes das súas xentes, e as sociedades anónimas tampouco. Por iso teremos que esperar outro tren que se axuste máis á mentalidade dos viaxeiros caureláns, ou á chegada de novas xeracións con visión de futuro, porque este é moi avanzado para a mentalidade da inmensa maioría dos habitantes actuais, aínda que non sei de onde van saír esas novas xeracións se todos teñen que emigrar. Recoñezo que me faría ilusión ver o Caurel desas futuras xeracións de mentes abertas pero, lamentablemente, non vai ser posible.


Se xa a nivel particular cando un quere facer algo non se atopa máis que dificultades por parte dos propios veciños, se non é un é outro, por non mencionar as do propio Concello que segue agardando un Plan Urbanístico que non dá chegado e que xa clama ó ceo.

Agora presentámonos a oportunidade de ter un Parque Natural que daría moita vida en todos os aspectos, pero moito me temo que o



CUBERTAS DE PIZARRA E CANALÓNS

Tfnos. 982 25 16 55 / 982 22 96 56
Móvil: 607 58 94 65 • LUGO



deixaremos escapar por ignorancia. Como sempre haberá quen se encargue de manipular ós labregos cun sinfin de mentiras para que se opoñan; a cuestión é que nunca se faga nada que poda ser bon para todos. Non podo entender que haxa persoas tan manipuladoras, que todo o politizan con fines oscuros en perxucio dun Concello que está ó borde da UCI.

Na miña opinión, se se me permite, non deberíamos deixar

escapar a oportunidade de ter un Parque Natural porque no que respecta as cooperativas non me quero imaxinar o que sería tratar de formar unha. Se se chegara a constituír duraría menos que un suspiro. O señor Xosé Carballido non coñece as xentes do Caurel: debería darse unha volta polo noso Concello e coñecer un pouco a nosa idiosincrasia, posiblemente lle

contundente que non dera opción á negativa desas persoas que sempre se opoñen a todo aquilo que represente progreso, se este non supón a exclusividade dos beneficios para eles sós. Así non se poden facer negocios nin aspirar a un futuro mellor. Por iso este café para todos, para nós, lamentablemente, non vale.

A única solución sería a expropiación ou a concentración parcelaria imposta por Lei; se non é así xa nos podemos esquecer. O noso concepto da economía e progreso é: pan para hoxe e fame para mañá; non nos decatamos que este pouco pan para hoxe pode ser, e sen dúbida o será, o certificado de defunción do Concello nun futuro non moi lonxano. Por contra, se accedéramos a unha concentración parcelaria, produciríase unha revalorización real das propiedades e as posibilidades de cara ó futuro aumentarían considerablemente. Se a iso lle engadimos o Parque Natural, o nivel de vida do noso Concello non nos podemos imaxinar o que melloraría.

O Parque Natural dos Ancares é un feito, e nós, se quedamos fora, xa nos podemos despedir de calquera beneficio, tanto en turismo como en subvencións para espazos naturais. Despois queixarémonos, coma sempre, e endiñaremoslle a culpa dos nosos erros a quen nos caía máis mal, pero nunca asumiremos que a única culpable foi a nosa ignorancia.

Moitas veces fagome a mesma pregunta, sen resposta, ¿que esperan do futuro as xentes do Caurel con esa actitude inmovilista? O noso Mr. Marshal témolos ben preto, en nós está aceptalo sen máis ou deixalo pasar e aternos ás consecuencias. Se somos intelixentes esta é a nosa oportunidade, e seguramente a última.

Arturo A. R.



ASESORES VILA CASTRO S.L.

ASESORES DE EMPRESA

ÁREA FISCAL-CONTABLE

ASESORAMIENTO FISCAL

- Asistencia a Inspecciones.
- Recursos.
- Constitución de Sociedades.
- Declaración Censal
- Legalización de Libros.
- Planificación Contable-Fiscal.
- Contabilidad de Sociedades.
- Confección de Libros Fiscales.

GESTIÓN TRIBUTARIA

- Declaración de la Renta de las Personas Fiscales.
- Impuesto de Sociedades.
- Impuesto de Actividades.
- Económicas.
- IRPF Retenciones a Cuenta.
- Módulos, índices o Signos.
- Ingreso a Cuenta de Sociedades.
- Estimación Directa.
- Liquidación de I.V.A.

HACIENDA

- Presentación de Declaraciones.
- Presentación de Liquidaciones y Pago de Impuestos.
- Presentación de Actividades Económicas.
- Presentación de Sucesiones.
- Solicitudes de Número de Identificación Fiscal.
- Solicitud de Etiquetas.
- Solicitud Certificado Negativo de Hacienda
- Solicitud Duplicados de Documentos.
- Solicitud Cambio de Titularidad en el Catastro.

ÁREA LABORAL

SEGURIDAD SOCIAL

- Alta de Empresa.
- Partes de enfermedad y accidente.
- Libro de Visita y Matrícula.
- Nóminas y Seguros Sociales.
- Preparación y Cálculo de Finiquitos.

ASESORAMIENTO LABORAL

- Estudio y Elaboración de Contratos de Trabajo.
- Inspecciones.
- Expedientes de Jubilación.
- Pensiones.
- Negociaciones y Conciliaciones. Extrajudiciales.
- Actas de Conciliación.
- Tramitación Expedientes Subvención.

ÁREA JURÍDICA

- Civil.
- Fiscal.
- Laboral.
- Mercantil.
- Administrativo.
- Herencias.
- Divorcios.
- Impagados.

OTROS SERVICIOS

- Tramitaciones varias a vehículos.
- Permisos y Licencias.
- Asesoramiento Financiero - Comercial.
- Patentes y Marcas.
- Registro Mercantil.
- Registro Propiedad.
- Informes Comerciales.
- Informes Prejudiciales.
- Verificaciones registrales.

Parque de San Lázaro, 9 - 3º Dcha. • 32003 OURENSE
Teléfonos 988 221 128 - 22 33 44 - Fax: 988 22 36 41

Velázquez Moreno, 9 - 6º Ofic. 16 • 36201 VIGO (Pontevedra)
Teléfono/Fax: 986 22 23 23

O CALENDARIO

¿Cantas veces ollamos para o calendario, ó longo do ano...? sen dúbida son moitas as veces en que o consultamos sen decatarnos, moitas delas, de que o calendario ten unha longa historia e nutriuse das aportacións de numerosas e antigas civilizacións.

Preguntadas as xentes de idade avanzada do Caurel acerca do calendario foran varias as que me contaron que sempre houbera nas casas, e aínda lembran uns almanaques antigos que tiñan cada semana nunha folla distinta.

Compre salientar, que o día é unha medida inalterable e percibida con facilidade, as estacións, aínda que variables, son asumidas de xeito doado por unha civilización agrícola, a semana é un elemento artificial, os meses están vencellados ós cambios da lúa, os anos son espazos longos e foi moi difícil medi-la súa duración.

O día e a noite de doce horas parece te-la súa orixe en Babilonia, de onde pasou ata nos, a través da cultura hebrea; a mesma orixe tivo a semana vencellada o carácter sagrado do número sete.

O **calendario babilonio** era de tipo lunar, constituído por 12 meses de 30 días alternativamente. O ano tiña polo tanto $5\frac{1}{4}$ días menos que o ano solar.

O calendario elaborouse en Babilonia e nas culturas primitivas de toda-las partes do mundo, coma un ciclo de festas relixiosas. Babilonia xa dispoñía dun calendario anual dividido en 12 meses lunares que sumaban 354 días ó que lle engadían, logo dun período indeterminado, outro mes máis, para axusta-las festas, facendo así un ano de 384 días.

Os **hebreos** seguindo os Caldeos, tamén se guiaron, por un calendario lunar, pero para eles todo xiraba arredor da Pascua Xudía.

Os **exipcios** sempre se rexeran por un calendario lunar pero influenciados polos gregos fixeran outro solar. O calendario exipcio foi o máis complexo e exacto de tódolos antigos, suponse que xa existía no 4241 a. C.

O **calendario grego**, era lunisolar, copiado do babilonio, de 12 meses de 30 días alternativamente. O ano duraba 354 días e engadíannlle un novo mes cada terceiro, sexto e oitavo ano.

Os **romanos**, principiaron cun ano lunar, de 355 días e engadían un mes de 22 ou 23 días alternativamente cada dous anos. Xulio César decretou no ano 46 a. C. O ano de $365 + \frac{1}{4}$ cada catro anos. Para axusta-las estacións ampliouse a 15 os meses deste mesmo ano que tivo unha duración de 445 días e recibiu o nome de “ano da confusión”

Os **musulmáns** tiveran sempre un calendario lunar e intercalaban un espazo de tempo equivalente a un mes entre os 12 para así cubri-lo desfase co ano solar. Mahoma prohibiu tal práctica e o calendario solar. O ano musulmán ten 12 meses alternativamente de 30 e 29 días que fan un total de 354 días. 33 anos do calendario Xuliano equivalen a 34 do musulmán, con 5 ou 6 días de diferenza.

A **Igrexa Católica**, baixo o pontificado de Gregorio XIII reformou o calendario de Xulio César e previo dictame dos sabios astrónomos que había daquela, suprimiu 10 días de xeito que o día 4 de outubro de 1582 seguiu o día 15 de outubro daquel ano. Este é o calendario vixente na actualidade no occidente europeo, que acadou grandes protestas nos países protestantes.

Na **Revolución Francesa**, naquel desesperado intento de rachar con todo o establecido e crear un novo orde mundial, cambiaron os nomes dos meses do ano, e estableceron unha duración de 30 días divididos en períodos de 10 días que eran as semanas. Estas novas

semanas carrexaron moitas protestas e finalmente este calendario implantado o 5 de outubro de 1793 abandonouse por decreto, voltando o tradicional, o 1 de xaneiro de 1806.

Na actualidade, o calendario tamén cumpre unha labor de comunicación social, xa que é unha canle ou soporte de transmisión de anuncios, campañas divulgativas, transmitindo mensaxes e fotografías de todo tipo.

Información tirada de:

-Vázquez Hoys, A. M. *Historia Antigua Universal. Próximo Oriente y Egipto*. UNED. Madrid. 2001. Tomo I pp.49-57

-VVAA. *Tendencias Historiográficas Actuales*. UNED. Madrid. 2001. pp.27-30.

J. A. Parada Jato
Meirao de Caurel

2006

Enero							Febrero							Marzo								
L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D		
						1				1	2	3	4	5				1	2	3	4	5
2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12	6	7	8	9	10	11	12		
9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19	13	14	15	16	17	18	19		
16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26	20	21	22	23	24	25	26		
23	24	25	26	27	28	29	27	28						27	28	29	30	31				
3031																						
Abril							Mayo							Junio								
L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D		
						1	1	2	3	4	5	6	7					1	2	3	4	
3	4	5	6	7	8	9	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11		
10	11	12	13	14	15	16	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18		
17	18	19	20	21	22	23	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25		
24	25	26	27	28	29	30	29	30	31					26	27	28	29	30				
3031																						
Julio							Agosto							Septiembre								
L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D		
						1				1	2	3	4	5				1	2	3		
3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10		
10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17		
17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24		
24	25	26	27	28	29	30	28	29	30	31				25	26	27	28	29	30			
31																						
Octubre							Noviembre							Diciembre								
L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D	L	M	M	J	V	S	D		
						1				1	2	3	4	5				1	2	3		
2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12	4	5	6	7	8	9	10		
9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19	11	12	13	14	15	16	17		
16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26	18	19	20	21	22	23	24		
23	24	25	26	27	28	29	27	28	29	30				25	26	27	28	29	30	31		
3031																						

comidas caseiras
habitacións con baño

Seoane do Caurel (Lugo)

Tfno.: 982 43 31 06



- Nabizas con lacón e castañas
- Caza
- Entremeses caseiros
- Postres caseiros




esmasbarato.com

Quienes somos

Perfumería

Parafarmacia

Cash & Carry



paseo virtual

Solicita xa a túa tarxeta



Reciba nuestras ofertas a través de su email y obtendrá además regalos sorpresa.

☐ Galego ☐ Castellano

Indique su email y el idioma en el que desea recibir sus ofertas

982 207 208

ATENCIÓN AL CLIENTE

INICIO



líderes en la distribución de Perfumería y Parafarmacia

Esmasbarato.com es la sede Web oficial de **Arenal**.

Perfumerías; como bien indica su nombre que encierra toda una filosofía de trabajo que consiste en ofrecer siempre los mejores precios tanto en el punto de venta como en la propia red. **¡NO LO DUDES!**

Arenal Perfumerías es una empresa fundada en 1976 en la ciudad de las murallas, se dedica a la distribución minorista y mayorista de droguería, perfumería y parafarmacia. A lo largo de su historia, esta empresa gallega se ha caracterizado por la continua modernización de sus instalaciones, por la calidad del servicio, por la amplitud del surtido y por ofrecer siempre el mejor precio, de ahí nace el eslogan **"ES MAS BARATO"**.

Esta estrategia comercial se ha visto apoyada con unas campañas publicitarias especialmente atractivas, que marcan una referencia en la vida comercial lucense. Algunos ejemplos de ello son las promociones de dos Mistol a 1 peseta, 25 pesetas de dto. en el litro de gasolina, nuestro famoso 2 x 1, y un largo etc. que se prolongan en el presente con programas de fidelización pioneros en el uso de nuevas tecnologías como el **Club Telemóvil**, el **Club Email** y el **Club VIP** a través del móvil.

Desde el punto de vista de la gestión y la logística, **Arenal Perfumerías** dio un salto cualitativo en 2003 con la implantación en todo su proceso de negocio de sistemas **SAP**, la firma líder mundial en software de gestión empresarial.

Arenal participa en la sociedad **UNIBEL Perfumerías** que se dedica al mismo sector, pero con presencia en otras ciudades gallegas como Ferrol, Santiago de Compostela o Vigo.

Nuestra empresa cuenta actualmente con diez establecimientos, un cash y una plataforma de reposición en la provincia de Lugo y un establecimiento más en la ciudad de Ponferrada (León). En breve abrirán nuevos establecimientos en el área del Noroeste.



Camiño Real, 9
27004 LUGO - Tfno. 982 28 42 96



Avda. Ramón Ferreiro
27001 LUGO - Tfno. 982 28 40 37



Quiroga Ballesteros, 7
27001 LUGO - Tfno. 982 28 40 07



C/ Obispo Aguirre, 2
27001 LUGO - Tfno. 982 28 40 17



Ronda da Muralla, 23
27001 LUGO - Tfno. 982 28 44 14



C/ Cardenal, 33
MONFORTE - Tfno. 982 40 30 81



C/ Calvo Sotelo, 9
SARRIA - Tfno. 982 53 55 35.



Avda. España, 3
PONFERRADA - Tfno. 987 40 96 76

Ahora También en...



Arenal Perfumerías, S.L.
Polígono Industrial O Ceao - Rúa da Industria 94 • 27003 LUGO - Tfno. 982 20 70 46
arenal@esmasbarato.com

R U T A

TRAVESIA

SECEDA - PADERNE

(pola Devesa)

CARACTERÍSTICAS:

DISTANCIA: 10 Quilómetros.

DURACIÓN: 3 Horas.

DIFICULTADE: Media - Baixa.

CARTOGRAFÍA:

Escala: 1:25.000.

Folla: 156-II (Folgozo do Courel).

A ruta proposta para esta edición lévanos dende Seceda ata Paderne atravesando a Serra da Escrita. Ó ser unha ruta ou travesía en liña é aconsellable deixar un coche no final ou ben recurrir a un taxi ou persoa que faga o camiño á inversa en algún medio de locomoción e poda acercarnos ó punto de partida.

Non presenta dificultade a pesares de librar un considerable desnivel, a pendente está repartida agás no treito dende o alto da devesa ata o río pequeno, aquí o descenso faise pronunciado pero é unha pista con ancho e firme axeitados. O percorrido discorre na súa totalidade por pistas forestais e algún anaquiño por cortalumes pero

que son perfectamente transitables por vehículos todoterreno, a proba é que está moi transitado. É tamén un percorrido adecuado para ciclistas, eso si... un pouco experimentados e con bos folgos.

Tomamos coma punto de partida e referencia a aldea de Seceda na estrada do Incio a O Caurel, este núcleo leva uns anos en fase de recuperación e posta en valor e vale a pena facer un percorrido polas súas corredoiras que aguantaron ó longo do tempo a súa estrutura centenaria e orixinal, onde corredores e solainas cobren as rúas facendo espectaculares pasadizos.

Partimos da aldea pola estrada asfaltada dirección a Sobredo, logo de cruzar dous regatos chegamos fronte ó pobo; a vista dende este punto é xenial e ben podemos facer unha instantánea do poboado. Un pouco máis adiante atopamos unha pista á esquerda, levamos andado 1,5 quilómetros. Este traxecto tamén podemos facelo en coche por si estamos pouco afeitos a camiñar por asfalto.

DESCRICIÓN DA RUTA:

Apuntamos coordenadas UTM por si alguen utiliza GPS. Coordenadas tomadas do SIXPAC.

No punto coas coordenadas UTM: x:646048 y:4720316 é o lugar que nós validamos como punto de saída, aquí collemos a pista forestal que ascende e camiñamos en constante ascensión pero levadeira; continuamos, sempre o camiño máis transitado; á esquerda saen dous



Devesa de Paderne



pinturas RICARDO
Ferramentas para o Pintor

Ricardo Varela Varela
DELEGADO DE VENDAS

M^a Teresa Castro Álvarez
VENDAS

Rúa/. Manuel María, portal 1 - baixo A • Tfno. y Fax 982 212 209 / Particular 982 245 248 • 27003 LUGO

camiños, o segundo é o que no seu día foi a pista de entrada a Seceda dende Sobredo, continuamos a ascensión ata chegar a unha pequena chaira, neste punto xúntanse un cortalumes, unha pista que sae de fronte e unha que vai en dirección ascendente, dende o punto de referencia de saída ata aquí levamos camiñado 2.700 metros e as coordenadas deste lugar son: (x: 647877; y: 4721370) por se serve de axuda. Continuamos cara arriba, un pequeno recodo na pista que xira á esquerda; continuamos ata o próximo cruce aquí un camiño parte á esquerda e comeza a descender cara Mercurín, atopámonos no punto: (x:648032 y: 4722289) e xa van aló camiñados case cinco quilómetros, vamos xirando en dirección Noroeste e seguimos. Ó chegar a unha valgadiña sae para arriba, á dereita da nosa marcha un camiño ou cortalumes, (X:647944 Y:4723046) deixamos a pista máis transitada para ascender uns poucos metros e xa estamos no cumio, dende aquí xa divisamos a Devesa de Paderne, o Val do Río Pequeno e boa parte do Caurel Alto (X:648080 Y:4723134). Dende este punto e cruce de cortalumes collemos á dereita e comezamos a descender por unha pista que baixa en zig-zag pola ladeira, neste descenso temos unhas inmellorables vistas da Devesa, seguimos descendendo rexeitando tódolos camiños que parten da pista. Seguimos o descenso ata aproximarnos ó río, atopamos unha bifurcación, un camiño sae a dereita (X:648111 Y:4724740) a nosa ruta continúa cara abaixo, atravesamos o Río Pequeno á beira podemos ver a recen Fonte restaurada de Paderne e indícanos que xa estamos preto do fin da nosa



travesía. Dende aquí unha pequena ascensión e entramos no pobo pola su parte Oeste, xunto os aloxamentos de Turismo Rural, Casa Rodrigo e Casa da Bouza. Aquí podemos tomar un tentempié e recuperarnos.

Dado á altitude pola que discorre esta travesía é posible atopar neve nos meses de inverno. As mellores datas para facer o percorrido son a primavera e o outono, a visión dende calquera dos puntos do percorrido é impresionante, se facemos a travesía en temporada de floración da uz os nosos ollos encheranse dunha cor violeta intensa coma se un manto desta cor cubrira as ladeiras, ó comezar o descenso cara Paderne o verde intenso da Devesa onde atoparemos: faias, cornabudes, teixos, carballos, acivros, abelairas e unha chea de arbore e arbustos así poderemos admirar un dos bosques mellor conservados de toda a Comunidade. Pero se escollemos para facer a travesía o outono, a variedade de cores pode ferir a nosa vista, aquí os afeccionados á fotografía de natureza farán mil e unha instantaneas. Resulta fácil observar, algún exemplar de Corzo, Aigas, e unha chea de animais que habitan a zona.

Hai unhas normas que toda persoa que se adentra na natureza debe ter en conta e para disfrutar dela debe cumprilas: Non adentrarse no monte, facer o menor ruído posible, non tirar papeles, plásticos, latas etc. levao contigo e depositao nun contenedor de lixo. Todos o agradeceremos. Se fas a ruta en vehículo todoterreno non abandoes o camiño marcado.

BOA VIAXE

PERFIL DA RUTA



Serigráfica
ARGENTINA

**IMPRESIÓN SOBRE TODO
TIPO DE MATERIAL**

C./ Flor de Malva, 21
Tel. y Fax - 982 20 21 93
Garabolos - Lugo

VIII FILANDÓN DE MÚSICAS DO CAUREL

O pasado 7 de Agosto do presente ano 2005 celebrouse, como ven sendo tradicional, o Filandón de Músicas do Caurel. O contexto do mesmo foi o entorno da Ferrería de Seoane. Alí déronse cita perto dun cento de músicos dos distintos lugares do Caurel e do Cebreiro. Tamén dos pobos que nos arrapañaron os quirogueses, como o caso de Outeiro.



Temos que dicir que esta é unha xornada longamente esperada por moitos dos nosos amigos do Filandón: non só os propios artistas, senón tamén os seguidores que veñen de calquera rincón da vella


Europa. O Filandón de Músicas do Caurel converteuse nun importante referente da música con sabor popular, sendo o único encontro de músicos populares que existe en Europa, que nos saibamos.

Nesta ocasión tivemos invitados de fóra, como o Gaitero Maior de Asturias "Xuacu Amieva", o cantautor "Alfredo González", os "Alegres de Pontevedra", acompañados do mestre pandereteiro "Polo". A presentación do Filandón correu a cargo de Manola Porto, locutora da Radio Principal de Monforte e de TV7.



Sendo a filosofía do evento o afianzamento e posta en valor do noso patrimonio musical popular, a recopilación e edición dos cantares foi unha teima dende o inicio do mesmo. Nesta ocasión tivo lugar a

presentación do libro-cd CANTARES DA CEGA DO COVELO, Lucía da Concepción Fernández.



Non deixa de sorprenden que, aínda cando os pobos da Serra se quedan valeiros de xentes, podamos escoitar fermosos romances ou brindos coa mesma frescura que fai cincuenta anos. O Caurel é así. Hoxe en día aínda se mantén en activo a Orquestra de Romeor, que cos irmáns Antón e Xan de Galego como referente, aledaran por longos anos as festas dos lugariños da Serra. Vaia aquí un cariñoso e eterno recordo para AMADORA DE GALEGO de Romeor, que tantas músicas e cantares aportou ao patrimonio musical do Caurel que agora dirixe un coro de Anxos no Ceo.

As músicas do Caurel están editadas en dous grandes volumes e catro CDs; traballos imprescindibles para un profundo coñecemento destas nobres Terras. A Banda de Gaitas do Caurel editou tamén un CD denominado O SON DOS EIDOS, realizados nas máis insólitas paraxes das altas cumes dos montes como "a Lagoa de Lucenza" e "a Fonte do Cervo de Rugueira". Para o vindeiro Filandón esperamos que saia á luz un recopilatorio CD/DVD realizado por Sons Galiza, no que se recolle o máis destacado das Músicas do Caurel.

Presuma, entón, o Caurel de ser Terra Única. Temos boa música e as milliores castañas do Mundo.



Xosé Lois Foxo

ACADEMIA RECATELO

PRIMARIA -ESO

BAC-UNIVERSIDAD

CAMPUS LUGO Y SANTIAGO

Pascual Veiga,12
(Enfrente a Columpios
Parque Rosalía)

Entrevistas con padres. Grupos Reducidos
Controles asistencia y académicos

982 284 187

SERIEDAD

DESDE 1991

o castiñeiro no caurel



Foto: Mercedes Vázquez

Se algo distingue a esta terra caurelá e faina especial son os soutos, devesas de castiñeiros, que se emplazan arredor das aldeas.

O castiñeiro medra por debaixo de altitudes de 700 e 800 metros, son árbores de folia caduca, florecen sobre xullo, a súa flor chámase candea, o tronco está protexido por unha corteza forte, o seu froito críano nunha carcasa

rodeada de pinchos que se chama ourizo, polos principios de outubro ábrese a carcasa e desprende as castañas.

Os castiñeiros son testemuña da historia do Courel, hai castiñeiros con máis de douscentos anos. Os nosos avós apreciaban os castiñeiros como se fosen reliquias, podábanos axeitadamente cortando as polas vellas, limpaban a maleza dos soutos, aproveitaban a madeira para fabricar mobles ou vendíanse.

As castañas eran un alimento indispensable da vida dos cureláns. Durante os meses de outubro e novembro colleitábase a castaña verde, que se consumía preferentemente asada nos típicos magostos. As que sobraban secábanse no cañizo, despois pisábanse e limpábanse, para logo cociñalas con algo de matanza.

Estas árbores emblemáticas que forman parte da nosa paisaxe, na maior parte están abandonadas, as que moi pouca xente aprecia, foron o eixe da economía dos nosos antepasados, por iso non as debemos abandonar.

Matilde Arza



URBANO ARZA, S.L.

CONTRATISTA DE OBRAS

**MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN - MOBLES
FERRETERÍA - BAZAR - ROUPA E CALZADO**

Supermercado CLAUDIO

C/ Deputación Nº 41 • 27325 FOLGOSO DO CAUREL (Lugo)
Tfno.: 982 433 026 - Fax: 982 433 055

DISPOSICIÓN LEGAL DE INTERESE PARA GALICIA**LEI DE DEREITO CIVIL DE GALICIA**

Lei 4/1995, do 24 de Maio (DOG N° 107, do 6 de Xuño de 1995)

Título III. Dereitos reais**Capítulo I. Comunidades****Sección 1ª Dos montes veciñais en man común****Artigo 14**

Son montes veciñais en man común, e rexéranse pola súa lexislación específica, os que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais, e non como entidades administrativas, e veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños con casa aberta e con fume.

Sección 2ª Da comunidade en materia de augas**Artigo 15**

1. O propietario dunha leira pode aproveitar as augas da chuva, estancadas ou non, facendo saí-las sobrantes polo lugar acostumado.

2. Tamén pode aproveitar as subterráneas que nazen ou abrollen na súa leira, sempre sen prexuízo dos dereitos preexistentes.

3. As augas nacidas en montes en man común aproveitaranse segundo o costume, e as que alí abrollen segundo o que acorde o organismo representativo da comunidade veciñal de montes en man común.

Artigo 16

1. As augas de torna a torna ou pilla pillota aproveitaranse segundo o uso e, a pedimento dalgún dos usuarios ou partícipes, partíranse por horas, días ou semanas, en proporción á extensión que se viñese regando.

2. Os aproveitamentos existentes presúmense inmemoriais e por acta notarial de presenza poderán ser inscritos no Rexistro da Propiedade.

Artigo 17

O disposto neste capítulo deixará a salvo o establecido na vixente lexislación de augas.

Sección 3ª Dos muíños de herdeiros**Artigo 18**

Son muíños de herdeiros os de propiedade común indivisible dedicados a moer grans para consumo familiar e alimentación do gando dos seus copropietarios.

Artigo 19

1. O aproveitamento da cota indivisa na propiedade farase por pezas ou grupos de horas que acorden os

copartícipes e nos días que establezan, e, no seu defecto, polo que fose costume, sendo exclusiva de cada herdeiro a cota asignada e, polo tanto, susceptible de permuta, alleamento ou arrendo, facendo seus os froitos ou utilidades que produza.

2. Os copropietarios contribuirán proporcionalmente ós custos de conservación e reparación do edificio, da maquinaria e do aproveitamento da auga, sen que entre eles haxa que pagar maquia.

3. Os copropietarios poderán exercita-lo dereito de retracto, no caso de transmisión inter vivos, da peza ou parte da peza da que outro partícipe dispuxese.

Artigo 20

1. Calquera modificación no uso e aproveitamento respectará o dereito de cada partícipe e requirirá o voto favorable da maioría que posúa a meirande parte do uso e aproveitamento.

2. Os acordos da maioría que modifiquen o uso e aproveitamento serán executivos, pero impugnables nos trinta días seguintes ó acordo ou á notificación.

Sección 4ª Das agras e dos vilares**Artigo 21**

1. A propiedade sobre as leiras integrantes da agra ou vilar levará inherente un dereito de copropiedade sobre os seus valos e cercados.

2. As partes en copropiedade non poderán ser alleadas ou gravadas con independencia das terras das que se reputan elementos anexos e inseparables, e na transmisión, por calquera título, do dominio dalgunha delas entenderase comprendida a cota de participación en tales elementos.

Artigo 22

De non haber pacto ou normas específicas de concentración parcelaria, o uso rexerá o aproveitamento e, en xeral, as relacións xurídicas dos propietarios das leiras que integren a agra ou o vilar.

Artigo 23

O propietario ou a persoa que utilice a agra, no seu nome ou por título distinto, e use a parcela ou parcelas sen respecta-los usos indemnizará polos danos e perdas ocasionados.

Artigo 24

Ningún propietario ou persoa que a título distinto utilice a leira ou leiras da agra estará obrigado a pagar melloras, novos servizos ou instalacións, pero non as poderá aproveitar sen antes paga-lo que lle corresponda á súa leira ou leiras.

XVIII FESTA DA CASTAÑA DO CAUREL

O Courel

Amigos e amigas, miñas donas, meus cabaleiros:

É para min unha honra, estar hoxe eiquí con todos vostedes. Estar eiquí, na festa da castaña, para loubar tan consabido manxar, gracias ó señor alcalde que me quixo nomear (non sei ben por qué) pregoeiro de tan afamado evento.

O primeiro que hei de dicir é que pasou moito tempo dende a miña última estadia nas terras do Courel, en efecto..., pasou un mundo de tempo. Pero non é certo, como teño lido estes días pasados, en razón dun cargo que me diron non hai moito, que pode ser que eu goste máis dos Ancares ca do Courel, en razón tamén dun libro que escribín daquelas montañas. Para

demostrarlles que iso non é así, e non doutra maneira, voules falar do Courel co corazón na man.

Recordo aquela viaxe, hai moito tempo, un tempo que chamabamos de paréntese con corchete. Subíramos ó Alto do Boi, nun día grixeiro e medroso, e logo marchamos cara o Pía Paxaro e o Formigueiros. E chegou unha néboa mesta, e un barbañar aló no medio da serra, que mesmo as montañas todas, na noite acesa, daban medo, moito medo. E chegou un vento furacano que nos chimpou a tenda de campaña, e andaban pola noite, como sombras pantasmais, as charrelas ó noso carón. Nos días seguintes camiñamos baixo un outono húmido e tristeiro, cun lume nos ollos de ver tanto prodixio antigo, que eu non coñecía, eses castros de Vilar, de Miraz, de Sobredo, de Esperante, da Devesa do Rei, de Froxán e de Portela, e sobre de todo o Monte Cido ¡Oh Monte Medulio do Courel! ¿Sería eiquí cavilamos en silencio- o lugar insigne, de tan loado espanto, contra dos romanos?



O día 12 de novembro celebrouse a XVIII Edición da Festa da Castaña do Courel. Como é habitual e coincidindo coas edicións pares, a festa celebrouse en Seoane. O mal tempo que acompañou durante toda a xornada non foi impedimento para que moita xente se achegara ó Courel a degustar o froito estrela da zona e disfrutar dunha xornada nun ambiente festeiro. A organización asou uns 500 quilos que, acompañadas de viño novo, foron degustadas por unha chea de persoas que este día se deron cita baixo a carpa que impediu que as inclemencias do tempo derramaran o evento. Si a degustación de castañas e viño era o centro do festexo o pregón era agardado por moitos dos presentes. Este ano correu a cargo do Director Xeral da Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible Xosé Benito Reza Rodríguez a quen dende a Asociación "FONTE do MILAGRO" queremos agradecer a atención e a colaboración ó facernos entrega o texto do pregón para a publicación en A CANDEA e así poda tamén chegar ás persoas que nesta data non puideron estar presentes nesta edición.

EL GORDO DE La Primitiva

Bono  Loto

La  Quiniela

La  Primitiva

Reserve xa a súa Lotería de Nadal

ADMINISTRACIÓN Nº 12

Crta. N-VI, km. 501,6

27004 LUGO

(Centro Comercial Carrefour)

Telf. 982 203 159

XVIII FESTA DA



Foto: Mercedes Vázquez

*O Lobo! Os ollos o lombo do lobo...
Barbaña barbaña...
Qué noite de lobos!
Oulan os cales nas airas
Anda a nebra baixa
Polos cavorcos do souto
E polas bouzas da braña*

E falamos ó lusco-fusco dunha bombilla amortecida, de tanta beleza como anda solta por estas terras, terras a montes, tan bravas e silandeiras, que nos foron e non son tan agarimosas,

*Serra aberta
Inmensa antiga herencia
Terras outas e solas!
Serras longas mouras!*

E falamos da crueza das invernías, do fungar do vento e as chuvieiras, da dureza da vida na serra,

*Zoa o vento e relumbra polas uces
Sai o sol e súmese nas nebras
Polos montes baixan e ruben
Sombras longas resgadas e negras*

Logo souben que aparecera aló unha placa de hospitalidade, daquela Pax Romana forzada; e tamén unha águia, aquel paxaro que eu prefiro cavilar foi arrincado pola forza da man poderosa dun castrexo do Courel, no estandarte invicto da lexión do imperio. E mirabamos engaiolados o poder brutal de Roma contra da natureza máis brava da Galicia, para arrincarlle das entranas o cobizado ouro. Aló lonxe, na Toca e Tutubio, abrían as buracas da minería dourada, para tanto patricio e senador da cidade eterna, con aquel sistema que chamaron "ruína montium", máis esborrallando outeiros enteiros, que daquela nada se sabía, como sabemos hoxe, diso que chamamos "impacto ambiental". Todo muda, certamente.

E lembro que aqueles días, escondidos nos recubecos da miña memoria, coa que foi logo miña señora, durmíramos na escola esborrallada de Moreda, que daquela non había aula da natureza nin nada de nada, e frecuentabamos unha taberna que hoxe se me antolla negra, emburullada en misterios de fume e cheminea, onde falamos baixiño do lobo, do lobo e das terras de Uxío Novoneyra (permítanme que deiquí en adiante fale de cando en vez coa voz daquel portento de poeta, unha voz onde se consume a terra toda do Courel):

E logo, no día seguinte, subimos por un camiño lamento que nos levou ó corazón da fraga. Non sen antes asomar o fuciño por aquela burata que chaman a Cova do Oso. Eu imaxinei alí xente primitiva, sentada na entrada da cova, tallando con moita parsimonia pedra dura para facer machadas. E logo, xa por fin, chegamos á fraga, aquela marabilla última que vostedes, meus señores, ben coñecen, a xoia da coroa destas terras que chaman Devesa da Rogueira. Entramos alí coma se entráramos nunha catedral románica, e foi coma se o día apagara. Cheiraba a fungo e humidades, agurgullaban pola ladeira abaixo regatiños medorentos, había un silencio tenso pendurado das gallas; nas pólas dos acivros, dos teixos, das faias, dos rebolos, vidos e



Esta miel cosechada en los profundos valles de la Sierra del Caurel, en donde conviven la flora mediterránea y atlántica, tiende a cristalizar. Si se prefiere líquida debe calentarse al baño maría a una temperatura de 40° C.

Conservar a temperatura ambiente

CAURU, SDAD. COOPERATIVA GALEGA
Rúa Arroyo, 6-1º • 27320 - QUIROGA (Lugo)
Teléfono: 982 435 179 • Móvil: 679 746 303



Miel cosechada en la sierra del Caurel

CASTAÑA DO CAUREL

abelairas, todos... E tan abraiados andabamos, rubindo por aquela aba tan sombriza, que a miña dona murmuroume que aquilo era como o bosque vello de Tolkien, unha fraga que levaba así, daquel xeito, dende tempos inmemoriais. ¿Quen sabe se aínda andarán Ents ou Bárbol por alí?

Ruxir solo

Da fonte do corzo!

Barbas de mofo

Pingando dos toros!

E logo marchamos e eu xa non volvíñ, pero hoxe, que xa estou de novo de volta eiquí, quero lanzarlles unha mensaxe: teñen vostedes o privilexio de ser os herdeiros, os depositarios dun auténtico tesouro natural, único e inigualable. E podo asegurarlles que hai moita xente por esta terra que chaman Galicia soñando eiquí un Parque Natural, entre eles eu mesmo. Porque poucos lugares hai no noso país que garden tan celosamente valores naturais tan senlleiros, nesta encrucillada entre o mundo atlántico e o mediterráneo. Pero non teimen nin desconfíen de nada: de facer algo, farémolo entre todos, e senón nada.

E teñen vostedes ademais dunhas paisaxes onde se resume o que foi sempre Galicia dende milenios. Porque se a vida silvestre, a Terra Brava de Anxel Fole que queda acolá, ten eiquí unha das súas máis gloriosas manifestacións, tamén é certo que o mundo construído coa sabedoría secular dos antergos, ese mosaico de prados e lameiros, eixidos e leiras,



campos, froiteiras e ulentes sebes, ten case ou tanta importancia como o anterior.

E andan nestas paisaxes os castiñeiros amigos que acompañaron ó home durante milenios. Tal e como din meus amigos no seu libro do souto "o berce foi antes castiñeiro, o castiñeiro dáños sombra e alimento, porta, estrado, teito, leito e cadaleito; mesa e

carro; a chuvia no vento, a sombra na romaría; fiestra e asento, dorna e barca, arado e muíño, o noso castiñeiro amigo".

E saberan vostedes que por iso houbo un tempo en que o castiñeiro, que tanto leva sufrido nos últimos tempos, espallaba en souto espléndido dende a beira mar ata estas altas montañas orientais. Ben merece logo esta cumprida homenaxe que hoxe lle facemos, e ben merecido o ten, porque non me dirán que a visión dunha boa castaña, grande e gorda, brillando lustrosa coma se lle deran cera á luz outoniza do San Martiño, non lles esperta como a min soños de fartura. De tempos de conciliámbulos entre o home e a natureza, tempos pacíficos e gloriosos de cando o home do campo vivía na harmonía das esferas, tempos de pacto e sabedoría, que eu penso que non deberíamos rachar se somos homes de

Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!

Eiquí síntese ben pouco o que é un home ...

Moitas gracias.

X. Benito Reza



SANDRA CANCELA

C O C I Ñ A S

RÚA MANUEL MARÍA 2-4 BAIXO


982 203 985

e-mail: cancelacocinas@mundo-r.com



UXIO NOVONEYRA

HOMENAXES E LEMBRANZAS DO POETA DO COUREL (12ª Parte)



Son moitos os libros, xornais ou revistas que referencian a Novoneyra. No 2001 saíu do prelo **“Historia Xeral da Literatura galega”** de Anxo Gómez / Mercedes Queixas (A Nosa Terra). Nesta literatura entre os escritores nados entre 1930-1940 destacan (...) *O canto á terra, e en particular, ás terras do Courel está protagonizado na poesía galega de posguerra pola voz inconfundible de Uxío Novoneyra.*(...) (sic) Os autores axúdannos a percorrer a obra de Uxío comezando na primixenia etapa existencialista dos Eidos, deténdose nos poemas dos longos silencios..., ata chegar á época da denuncia social na *“convinción nacionalista e marxista patente nos poemas sociopolíticos de Uxío. (...) a loita contra o fascismo e, o compromiso coas clases sociais*(...) (sic).

Claudio R. Fer no **“Cartafolio Galego”** (A Nosa Terra) foi quen de recoller artigos de Fole en galego, en “Castelao i a tradición galeguista” Fole comenta:(...) *“apareceron novos e interesantísimos poetas galegos... Luis Pimentel e o poeta galego Eugenio Novoneyra*(..) (sic).

José de Cora, á súa vez, fai un chiscar de ollo ós lectores rescatando as conversas que Fole mantivo cun compañeiro imaxinario, conversas que Cora entresacou dos artigos que Fole enviou ó Progreso durante anos, e deron lugar ó libro: **“Ánxel Fole. Paseante en Lugo”** (Caixa Galicia/Progreso). Nas conversas Fole abandónase á nostalxia e recorda(...) *“A Novoneyra, lo conozco de antiguo. Cuando el cronista vivía en A Veiguiña, allá en las tierras quiroguesas, un joven poeta le hizo una visita. Sería por los lluviosos días del verano del año cincuenta y dos. Entró un muchacho moreno, alto y delgado, de bigote, era Uxío Novoneyra”. Nos invitó a Parada. En San Martín de Quiroga nos reiteró la invitación... y por fin, llegamos allá, a su casa de Parada, la tarde del último día de*

mayo de hace dos años (1960)(...)(...). Allí estuvimos una tarde entera con Novoneyra. Quiso que viésemos el nacimiento del río de Parada, afluente del Lor. Su “ollo” (...) (...) Ni a **García Sabell**, ni a **Sixto Seco**, ni a **Ramón Piñeiro**, les asusta una visita a Novoneyra(...) -é de supoñer que se refire á dureza dos camiños e estradas que nos anos sesenta levaban ó Courel- (...). *Dos días después, a las doce de la mañana nos hallamos en el alto de Aldridiz, a medio camino de la Puebla de Brollón y San Martín de Quiroga* (sic).

Non hai que esquecer que o mesmo ano que, Ramón Piñeiro sae da cadea, en marzo do 49, Uxío chegaba a estudar a Madrid, onde viviu dende o ano 49 ó 51, onde contactou cos galeguistas.

O 25 de xullo do ano 1950 constituíuse en Compostela a Editorial Galaxia da que pouco despois Piñeiro sería director literario. No 52 Uxío volve a Galicia para facer o servizo militar onde coincide con Manuel María, época que pasa na Coruña, Lugo e Santiago onde contacta con Piñeiro e os galeguistas e comeza a súa andaina dos Eidos que saen á luz no 55 publicados por Galaxia con prólogo do propio Ramón Piñeiro quen destaca a importancia da anulación do persoal a favor do “cósmico” nos Eidos. Novoneyra dedica a **“Carlos Maside e Ramón Piñeiro”**, “Os Eidos 1- libro do Courel”, no poema “Exilio segundo Maside”(sic), Uxío inmortalizou a Ramón Piñeiro cando versa...

(...) *Ramón de Láncara en Compostela / peito só da patria teima-vela!.*(...). José de Cora no libro “Ánxel Fole Paseante en Lugo...” sèrvese das viaxes de Fole pola “Terra Brava”, viaxes que o vello galeguista vai detallando minuciosamente: Campodola, Leixazós... Fole refranea: *“En Leixazós, non entra carro nin dios”* e engade paseniñamente os nomes das aldeas que divisan ó lonxe: Vilamor, Castro, Vidallón... vello escritor comenta: (...) *“Como dice Ramón Piñeiro, Caurel no tiene pasado histórico. Su pasado es anónimo, oscuro, ahistórico, milenariamente profundo, geografía, nada más que geografía. Pero ahora, es ya literatura y poesía”.*(...)(sic). Certamente Novoneyra e o Courel quedaron ligados para sempre a través do cordal dos versos de Novoneyra. O poeta da serra axúdanos a agudizar a vista, o tacto, o olfacto e especialmente o oído co fin de que aprendamos a escoitar o cruxir das follas ou os rumores das pincheiras ou dos carros que compiten co canto do cuco. Tiña razón Piñeiro ó asegurar que O Courel non tivo historia! A historia do Courel estivo agachada durante séculos baixo as lousas do clero, as ordes relixiosas e militares e mesmo as mitras e a nobreza. O Courel dende inmemorial foi un pobo loitador que na noite dos tempos loitou e segue a loitar polo seu: A terra dos seus antepasados.

(...) *“recóllote da Terra / estás mui fonda. Recóllote do Pueblo / estás n'il toda. Recóllote da Historia / estás borrosa* (...) (sic). Os Eidos. Novoneyra

Mercedes Vázquez Saavedra.
O Courel, verán 2005

O courel fotográfico de

Federico García Cabezón

**Federico Fotógrafo**

Coñecín a Federico hai anos nun Filandón do Courel e dende entón, coincidimos noutros eventos coureláns nos que me falou dos seus proxectos fotográficos, dos tempos nos que se enrolou nun proxecto cinematográfico e da época na que exerceu a medicina no Courel, onde ten unha casa xunto ó rumoroso Lor.

- A que se debeu a elección da fotografía como medio de expresión?

- De xoven pensei en estudar CINE, pero a vida levoume á carreira médica, a miña afección polo cine fíxome estudar fotografía na Escola de Artes e Oficios de Compostela.

- Como foron os comezos, a elección da cámara, os obxectivos...

- Empecei na fotografía porque na miña casa sempre houbo máquinas de fotos, comecei ós 15 anos. Uso unha Nikon, cun obxectivo de 50 milímetros, tamén uso unha Leica antiga.

- Cales foron as primeiras exposicións?

- Comezei a expoñer no ano 85 no **Kiosco Afonso**, no **Ateneo de Coruña** e no **Ferrol** na exposición de Fotografías pola Paz..

- A maioría das fotos teñen a austeridade do branco e negro, descartas a cor?

- Fixen fotos en cor nos primeiros tempos, optei polo branco e negro porque para min a fotografía é unha arte crepuscular e o branco e negro é a imaxe no seu estado máis puro, é maxia, é poesía..., as imaxes deben pasar polo corazón e pola cabeza.

- Na festa do Aserrado de Madeira do Courel, observaches ós serradores ata que atopaches o momento máxico: Tres serradores vellos coas ferramentas na man. - Produciuse un efecto dominó-, moitos sacamos a mesma foto, pero fuches o primeiro en conxelar a escea como os fotógrafos antigos, Vieitez, Suárez ou M.Ferrol-. Bebes daquelas fontes ou é algo innato?

- As fotografías non teñen unha explicación necesariante.

Recoñezo que algo se atopa nunha sensibilidade e nunha

intuición particular, son encontros coa mirada, a fotografía é o lugar no que me atopo máis ceibe.

- No Courel, mantiveches amizade con Novoneyra. Terás mores de lembranzas...

- Recordo con grande cariño a primeira vez que entramos na súa casa de Parada, e tamén a dedicatoria do libro "Tempo de Elexía": "Para Federico e Carmen os últimos amigos do Courel. 21 agosto 1991. Parada". Foi unha grande amizade.

- Dos personaxes que chegaron á Serra a visitar a Uxío, lembrás algún?

- Pasaba moita xente..., do que máis me lembro é de Carlos Oroza que pasaba longas tempadas na casa de Parada.

- Tiveches relación cos estranxeiros que fixeron colleitas no Courel, o xeógrafo holandés Wim Ettama e o antropólogo americano Rainer Bauer?

- Rainer Bauer vivía na porta do lado, Wim é o noso amigo.

- Como xurdiu a Asociación Rogueira da que fuches un dos fundadores?

- Intentamos loitar contra as mini-centrais e o deterioro no medio natural na serra do Courel, aínda vivía Uxío.

- Na colaboración foto-poética con Uxío no libro "Do Courel a Compostela 1956-86", xogaches co lusco e fusco dos cumes. As imaxes dos "Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras", son máis vangardistas utilizaches a "cámara oscura" -co picado e contrapicado das caracochas-, na denuncia da queima dos castiros, da hamadriada da que falaba Risco...

- É a denuncia da queima do bosque, das árbores centenarias e do soute de Leburín entre outros.

- Na exposición "Queimados" da Sala Cantón (Concello de Ferrol/Rubio Barcia), Novoneyra apoiou o teu discurso ó afirmar: (...) "Fotografía con ideoloxía máis tamén libre canto beleza amada terra escolleita" (sic) A mostra pasou á Sala do Arquivo de Galiza de Betanzos e Sargadelos de Compostela, Saa dos Peiraos de Vigo e Outono Fotográfico de Ourense.

- "Queimados" é un traballo fotográfico feito no Courel entre os anos 1985-1990, a denuncia contra o lume que arrasa os nosos bosques.

- No ano 92 presentaches na sala Sargadelos de Ferrol, "Illa negra / Xente de Quisqueya (Nai da terra)", retratos en branco e negro de dominicanos que gardan memoria da viaxe á República Dominicana que lembran as fotos de Edward S. Curtis...


- Son fotos dunha viaxe que fixen á República Dominicana, na que retratei ós habitantes da illa.



CHIMENEAS
Hogar Confort

**CHIMENEAS FRANCESAS
RECUPERADORES DE CALOR
ESTUFAS, BARBACOAS, ETC.**

**Ctra. N-VI, Km. 399 - Tel. y Fax: 987 562 717
24550 VILLAMARTIN DE LA ABADIA (León)**



- O mesmo ano fixeche fotos ás obras de Gambino, o escultor do S. XVIII.

Encargáronme un traballo fotográfico do escultor Gambino. Nun principio tiven dúbidas ó non tratarse de fotos de autor, pero ó final fixen as fotos.. Saquei fotos ás esculturas de Gambino do cvto. de Frc. de Herbón, Mt. de Oseira, Colexiata de Iria Flavia; Sobrado dos Monxes, Carnota etc. O Cristo de S.Dgo. de Bonaval, o Evanxelista de San Martín Pinario e outras...

-O ano 97 recibes o Premio Internacional Especial de Fotografía Hoffman, cunha fotografía de Uxío no solpor do Finisterrae, obra fermosísima que lembra fotos de Capa, Norman Parkison, Fay Godwin...

- Fixen a foto a Novoneyra no cimo do Monte Branco, é unha fotografía romántica, é o fin da terra, un home no horizonte do océano igual que hai miles de anos, con ese sentimento que tiveron outros naqueles tempos ó chegar ó máis alá, o fin da terra, onde non había nada máis có MAR.

- Esa foto de Novoneyra ilustra o libro de conversas entre Uxío e Emilio Araújo "Dos Soños teimosos" e engades outras fotos de Uxío e Elba coa túa dona e os fillos de ambos.
- Son fotos do álbum familiar de Uxío, feitas cando viviamos no Courel e pasamos moito tempo xuntos.

-No prolífico 97 na compañía do teu amigo, o pintor-escritor inglés- Tim Behrens presentades "EN BLANCO Y NEGRO". Unha autoedición con fotos túas e textos de Tim coa presentación na Peña Taurina da Coruña. Que vos levou a esa andaina?

- É un libro de trinta poemas de Tim e trinta fotos miñas, cada imaxe inspirou un poema. Todo comezou cunha foto enriba da mesa dun bar, Tim levaba oito anos sen escribir un poema e foi o punto de arranque. Despois o libro viaxou de Finlandia á Patagonia.

- No 99 volves ilustrar poemas de Novoneyra e Araújo "Onde só queda alguén para aguantar dos nomes".

- O libro partiu dun poema único de Uxío e outros de Emilio Araújo e fotos miñas dos "Últimos Labregos" e outras fotos da aldea deshabitada de Hórreos no Courel.

- O mesmo 99 seleccionan unha colección dunha ducia de fotos túas dos "Últimos Labregos" -Fin do Milenio para o Premio Luis Kasado da Dep. da Coruña e, recibes o II Premio Luis Valtueñas, médicos del Mundo.

- A foto premiada no Luís Valtueñas é unha denuncia ás minas persoais, leva por título "Minas non", é a foto dun rostro dunha persoa morta, - sen carne-, "case unha caveira".

- O Xacobeo - 99 / Hércules Edicións, publican o derradeiro poemario de Novoneyra "Arrodeos e desvíos do camiño de Santiago e outras rotas". A portada reflicte escornaboís en flor, o exlibris da serra caurelá-, outras fotos destacan a verticalidade da serra, os carambelos do Cebreiro.

- É o derradeiro poemario de Novoneyra e fotos feitas na serra do Courel.

- No 2000 presentaches obras na desaparecida sala alternativa Bacabú... e no 2001 consegués o "I Premio do



Federico García-Cabezon
Galería Quadrum



Casa Valín
ALOJAMIENTO RURAL
Nieves López Valín

APARTAMENTO COMPLETO

SEOANE DO CAUREL (Lugo)
Teléf. 982 155 388

Peregrino en Compostela” cunha india mexicana, Cal é o discurso?

- *Atopar un grupo de indios americanos facendo unha ofrenda ancestral por medio da danza e do son dos tambores na Praza do Obradoiro, crea emoción e sorpresa e..., apretei o dedo do disparador da máquina da fotográfica “Fin do camiño”.*

- **O mesmo ano saíu do prelo o libro “La película estática” en colaboración co teu amigo Behrens que, segundo contades no libro é o froito dun proxecto cinematográfico fallido.**

- *Quixemos cumprir un soño común, rodar unha película pero a pesar da cantidade de cintas que rodamos terminou sendo un libro -fotográfico-poemario.*

-**No 2002 expós na Escola de Imaxe e Son da Coruña e és seleccionado no certame “Fotógrafos, Fin de Milenio, España”. Ademais, unha foto túa dun grupo de mulleres con pancartas denunciando a catástrofe do Aegean Sea, é portada do libro “Nunca Máis a voz da cidadanía” de Xavier Paz.**

- *A foto reflicte a imaxe dunhas mulleres nunha manifestación que se formou pouco despois de que afondara o petroliero Aegean, envieina a Xavier Paz cando o desastre do Prestige e, despois foi unha foto símbolo da protesta..., a primeira vez que apareceu “Nunca máis” ...*

-**No 2004 presentas unha mostra fotográfica na Galería**

Quadrum de Lisboa con textos de Behrens salientando as fotos dos labregos e do Prestige como.

(...) una muestra de madurez actual que se atreva a reunir sus preocupaciones artísticas con sus duraderas creencias políticas” (...) (sic).

-**A invitación da exposición de Lisboa é unha foto-denuncia : O brazo dun voluntario cheo de chapapote que alonga a man sinalando o desastre. António Cerveira- Pinto escribiu:**

-(...) encontrei no seu traballo sobre o desastre do Prestige a máis humana observación que una máquina fotográfica conseguira sobre aqueles meses de aflicción e soliradidade (...) (sic).

No presente ano, no mes de xaneiro, levaches a cabo unha mostra fotográfica na Casa da Cultura Salvador de Madariaga da Coruña co lema: “Co Atlántico na mirada” fotos do “Chapapote”, de “NUNCA MÁIS” e, “Dos Últimos Labregos”, constitúe unha aposta polo real na vertente do artista como etnógrafo. O hiperrealismo aproxima as fotos ás de Pacheco, Ferrer..., poderían estar na liña de Jacob Halip, Margaret Bourke-White ou Brassai. Na serie “Finisterreais”, a soedade do cabalo evoca a Eve Arnold. Nas palabras de Behrens.

-(...)“la obra de Federico García Cabezón explora la angustia que produce el paso del tiempo y la belleza de lo pasajero” (sic).


- *A mostra da Coruña foi de 75 fotografías agrupadas en catro bloques que levan por Título “Os últimos labregos”, “Prestige”, “Finesterrae” e “Sin temas”...*

-**Cunha das últimas fotos que fixeches rompes o anonimato...**

-É un autorretrato.

A pesar das múltiples obrigacións Federico segue vinculado ó Courel, é frecuente atopalo, -cámara en ristre-, camiñando polos bosques dos “últimos labregos”.

*Mercedes Vázquez Saavedra.
Conversas con Federico no Courel
(primavera- outono2005)*



PUERTASAN PEDRO

Viajes



San Pedro, 64 - LUGO
Telf. 982 267 181

RAIANOS

Os Ancares bercianos e os lucenses son dous corpos nunha soa alma. Como demostra a “Literatura de tradición oral en el Bierzo” da investigadora galega Alicia Fonteboa, nada ó pé das fontes nacentes do río Lor. O corpus folclórico que Fonteboa recolleu abrangue trinta e seis localidades berciáns, nas que aparecen tradicións en lingua galega. O mesmo pasa nos concellos ancareños e nos concellos limítrofes occidentais asturiano-galegos. Na recolleita que levou a cabo a MDGA (Mesa da Defensa do Galego de Asturias) os “Cantos populares da terra Navia-Eo” demostran a permanencia das tradicións orais da raia galego-asturiana. Acontece o propio nos concellos raianos da Serra do Courel e as aldeas da raia berciana. No caso do Concello de Folgoso do Courel as lendas, contos, adiviñas, cántigas, conxuros, refráns, romances, etc, mostran semellanzas cos das aldeas raianas dos concellos da Veiga, como din os naturais da Vega de Valcarcel, ou das aldeas raianas de Oencia ou Barxa (Barja). A similitude é tan notoria nos cantares, lendas e refráns que se pode insistir na comunión dos dous corpos unidos nunha alma conxunta.

No caso dos galegos-berciáns a fala ten singularidades como a terminación “in”: muín, camín, etc, o mesmo din nas aldeas do Bierzo ca nas courelás ou nas ancareñas. A pesar de pertencer a Castela-León, moitos naturais da raia berciana séntense identificados con Galiza a través do cordón umbilical da lingua, costumes e tradicións. No Concello de Folgoso do Courel, as relacións da veciñanza noutros tempos se cadra foron moito máis estreitas, pero aínda hoxe os naturais das aldeas bercianas da raia son quen de sembrar que... - *“Os de Lindoso ían en cavalerías as fontes da Nogueira por auga e os de Hórreos viñan polo Faro as Ferrerías a busca-lo viño”* (sic)- asegúronos o sr Álvaro Mendo, natural de Campo de Liebre que dende hai máis de cuarenta anos vive en Lindoso. O mesmo informante foi quen de escoitar ós vellos... (..) *Dende Visuña, Ferramulín ou Villarubín, na dureza do inverno, viñan enterrar a Lindoso (Vega de Valcarve), os vellos dicían que o cortexo fúnebre viña pola Fonte do Faro e que, os portadores da caixa esperaban que os “vecíns” apartaran a neve coas palas. Traían os mortos polas faldas do Campelo ata Brañas da Serra e Lindoso, onde enterraban os mortos do Courel na terra, sen lápida.* (..) (sic). O mesmo informante fai nos observar que: (..)- *A igrexa do San Salvador mira para o bispado de Lugo, o campanario dá para Lugo, os da Veiga (Vega de Valcarve) e as outras igrexas, dan para Astorga.* (..) (sic). O Sr Álvaro Mendo pretende demostrar a vinculación galega de Lindoso cando di (..) *No cemiterio de Lindoso comezouse a enterrar moito máis tarde, os mortos*

do Courel están trala igrexa, na finca do Fidalgo, onde creceron os carballos... (..) (sic) ¡Nada mellor que converterse en carballo e escoitar os contos e as lendas galego-berciáns!. Ó fin **“Morrer é ficar morto”** que di Novoneyra no “Tempo de Elexía”. E, **“Vivir é ficar só”** que di Méndez Ferrín no **“Ventre do Silencio”**. Por algo prometeu Novoneyra nos Eidos: **“Hein d’ir a Céramo cruzal’o Faro (..)-**

A mediados do pasado mes de setembro Villafranca do Bierzo apoiou a candidatura do **Patrimonio Inmaterial Luso-Galego** como **“Obra Mestra da Humanidade”**, colaborando na edición do libro-DVD “Meninos Cantores”, no que participaron rapaces



das raías. Villafranca ofreceu unha mostra de oficios artesanais, xogos tradicionais, etc, ademais dun recitado de poemas berciáns do poeta Fernández a cargo de Anxo Angueira. Non hai que esquecer a importancia da obra de Fernández y Morales na transmisión da lingua do Bierzo Baixo O interese dos berciáns pola cultura galego-portuguesa o demostra o fomento da cultura e a lingua galega. O mesmo pasa nos concellos das Portelas zamorás. Porto Hermisende, Lubián, Pías e, O Padornelo, tamén son galego-falantes e preservan a oralidade. O propio acontece cos concellos raianos ourensáns e as aldeas trasmontanas das raías portuguesas dos concellos de Montealegre, Chaves ou Vinhais... que gardan memoria de lendas, contos e, tradicións conxuntas, o mesmo que acontece nas aldeas dos transfronteirizos Parques Naturais da Baixa Limia -Xúres- Peneda-Gerês.

E por suposto, preservan a fala e a oralidade os irmáns miñotas de ámbalas dúas bocaribeiras do pai Miño que foron quen de estreitar os lazos transfronteirizos a través dos cantares, contos, lendas, etc que **Santiago Veloso**, o ideólogo do

programa radiofónico PONTE NAS ONDAS, propuxo para a candidatura da **UNESCO**. Lendas, contos e cantares, etc que os rapaces miñotos escoitaron dos seus avós. A importancia dos territorios que conservan a fala galego-portuguesa a través da identidade histórica e cultural que irmanda os pobos, vén dada pola preservación da oralidade dunhas 300.000 persoas, motivo que levou a solicitar á **UNESCO** a candidatura do **Patrimonio Inmaterial Luso-Galego** como **“Obra Mestra da Humanidade”**. As fronteiras delimitan os territorios, pero os raianos teñen o sentir conxunto. (..) *Vendo-os assim tão pertinho / A Galiza mailo Minho / sos como dois namorados / que o rio trar separados / quasi desde o nascimento / Deixalos pois namorar / Já que os pais para casar / Eles nao dar consentimento* (..) (sic) **João Verdes**.

Quedan fóra das raías, -pero non fóra da galeguidade-, os enclaves extremeños que durante séculos foron quen de conservar a fala galega. Enclaves raianos coa Beira portuguesa ós que o illamento xeográfico axudou a conservar a lingua dos repoboadores galegos. Enclaves da galeguidade como **San Martín de Trebello** ou **San Martí de Trevellu** (que levan por nome mañegos), ou os naturais de **As Eljas** ou **D'As Ellas** (os que chaman la garteiros) e mesmo os de **Valverde do Fresno** ou **Valverdi du Fresnu** (os que chaman valvedereiros). Estamos a falar das aldeas cacereñas raianas con Portugal a cabalo entre a **Serra da Malaca portuguesa** incluída na Rede Natura, como o Courel- e coa interesante rota do Vale da Ursa- e a "**Serra dos Angeles**" (a carón das Hurdes extremeñas). Nestos auténticos enclaves da galeguidade, ós naturais de Trebello, Valverde ou Elas falan unha lingua distinta á veciñanza salmantina, nin sequera os entenden os seus paisanos extremeños, pero si os vellotes portugueses. Valverde do Fresno é unha aldea cacereña raiana co concello portugués de **Penamacor**, no que resoan os poemas de **Eugénio de Andrade** (...) *mas eu son destas casas, destas ruas/ deste amor a escorrer melancolía* (...) (sic).

A unha carreiriña de can de Valverde están Penamacor, Aldea do Bispo, João Pires, Medelim, Penha García e, a aldea de **Monsanto**, do concello da Idanha-a-Nova, -distrito de Castelo Branco-. A aldea do "Monte Santo" portugués ostenta "o galo de prata" que lle outorga o título da "aldea máis aldea de Portugal". Aldea de pedra e alma templaria Monsanto conserva o castelo reconstruído polo mestre templario Gualdim Pais. Algúns identifican o castelo de Monsanto o gardián do Grial portugués. E aínda que hai tempo o progreso chegou a Monsanto, o recinto fortificado traslástanos ó bastión cátar do Monsegur francés. Lendas de lobishomes, meigas, mouras encantadas e o temido "sete Couros" do imaxinario compiten coas lendas dos enclaves transfronteirizos. Monsanto garda memoria da lenda de Santo Amador de Vir-a-Côrca, na que o eremita alimentou con leite de corza a un neno que depositara na súa cova unha imponente aguia.

A outra carreiriña de can de Valverde del Fresno, está Monfortinho coas célebres Termas e, un pouco máis ó sur das lexendarias Idanhas Nova e Velha, ó carón de Castelo Branco, atópase Monforte da Beira, un dos numerosos montefortes portugueses que fan lembrar ó "Monforte" lucense dos Condes de Lemos emparentados coa Casa de Bragança portuguesa. O mesmo conde de Lemos contra o que se levantaron os habitantes do Courel en favor dos santiaguistas, cando o de Lemos pretendeu señorear o castelo do Carbedo courelán. Santiaguistas que, -curiosamente- nos comezos da orde de cabaleiría chamáronse "Cabaleiros de Cáceres", encordando os sinuosos camiños que levaron a orde de Cáceres ó Courel, onde os santiaguistas contaron coa encomenda máis importante de Galiza.

Non hai que esquecer que en tempos do rei García I, Galiza chegaba ata o Mondego, río que baña o **concello da Guarda** e a

maxestusosa **Serra da Estrela** e mailas **Terras de Coimbra**, terras doadas polo rei Afonso VI á súa filla ilexítima dona Tareixa quen gobernou o Condado Portugalense xunto co seu esposo, o conde borgoñón don Enrique. Á morte do conde francés, dona Tareixa asesorada polo Conde de Traba, intitúlase "raíña de Portugal" o que non gustou ós nobres portugueses que animaron ó fillo da condesa, Afonso Henriquez, a alzarse contra a nai coroándose Iº rei de Portugal, o que deu lugar á **Nación Portuguesa**. Producíndose pouco a pouco a desgaleguización e, permanecendo só na galeguidade nos enclaves extremeños repoboados polo rei Afonso VIII no S. XIII.

É cousa de todos traballar pola conservación da fala e da oralidade. Polo que paga a pena preservar as tradicións como a **PISA DA CASTAÑA** que o **día 10 de decembro**, se pode contemplar na aldea de **FROXÁN**, do Concello de **Folgoso do Courel (Lugo) Galiza**.

Mercedes Vázquez Saavedra.
Encordando raías.
Verán-Outono 2005.

Deportistas no Caurel

En edicións anteriores falamos de rapaces e rapazas que están a triunfar no eido do deporte; xuventude que empezou a facer os primeiros *pinitos* nas terras do Caurel, desta terra son as súas orixes. Destacan, entre outros, Mª José Garrido que este ano incorporouse á disciplina da A.D. A Pinguela RIBEIRA SACRA e que está a facer unha tempada destacada. A súa presenza neste equipo da Superliga de Voleibol está a dar alegrías a afección do equipo monfortino. Outro deportista a ter en conta é José López Jato "Jato", que o ano pasado militaba no equipo do Calasancio Xuvenil, o que a súa proxeción fixo que este ano pasara a formar parte do combinado xuvenil do C.D.Lugo que milita na División Nacional desta categoría e está a ser un dos homes máis destacados do equipo. Outra rapaza con raíces no Caurel e que está a triunfar é Jennifer Mendoza, xogadora do Universidade de Granada que tamén milita na Superliga de Voleibol Femenino, aínda que o seu equipo non está a ter unha boa campaña, esta xogadora é titular indiscutible.

A eles e o resto de rapaces ou rapazas que practican algún deporte, ben sexa no noso concello ou máis ala das fronteiras del, queremos desexarlle toda a sorte do mundo.



Camoga, s.l.

CONSTRUCCIÓNS, PROMOCIÓN E REPARACIÓNS

R/ Entrerrios, 20 - 22 - Baixo • 15404 FERROL - Telf.: 981 37 24 56 / 981 37 20 65 • Fax: 981 94 77 64
E-Mail: camoga2000@hotmail.com

o caurel, a crúa realidade

Atópase o noso concello nun momento crucial para o seu futuro, un momento onde os veciños, e veciñas do Caurel, dirixentes políticos e sociais, e todos en xeral temos algo que dicir ó ríspeto; decidir e apostar forte por esta nosa terra, e si non salvala, polo menos mantela.

Cando miramos os datos estatísticos dos últimos anos arrepiásemos a pel: a ilusión posta nos Planes Leader para o Desenvolvemento Rural so foi eso, unha ilusión. As inversións millonarias que nos venderon non deron os froitos esperados, os obxectivos non se cumpriron e xa rematou ese río de cartos. Eu sempre entendín que estes proxectos eran para dinamizar as zonas rurais máis deprimidas, as que máis o necesitan; mirando os datos estatísticos e reais vexo que a cousa vai de mal en peor, no ano 1999 a taxa de natalidade era de 3,4; cinco anos máis tarde é só do 1,4, preocupante!, no Caurel a penas nacen nenos. A idade media da poboación era no último ano do pasado século de 52,5 anos, no 2003 xa estaba en 54,5 (a poboación do Caurel envellece a marchas forzadas). En 1999 a porcentaxe de persoas menores de 20 era do 12,3 % en 2003 só o 10% e segue baixando..., mentres os maiores de 65 anos van nese período do 38,9 % ó 41,7 % e segue subindo. No ano 1991 O Caurel tiña 61 nenos de entre 0 a 4 anos, dez anos máis tarde só quedaban 22, hoxe bastantes menos. A boa noticia: son os datos dos maiores de 90 anos, a principios da década dos noventa dínnos que hai 14 persoas; En 2001 son 36 os homes e mulleres que sobrepasan esa idade, é unha proba clara do envellecemento na zona pero tamén nos di que cada día son máis os que chegan pretoño do século ou o cumpren.

En pouco máis dunha década O Caurel perdeu case un 50 % da poboación, e eu pregunto. ¿si seguimos así cales serán as cifras no próximo decenio?

Si a primeiros do século XX O Concello pasaba dos 5 milleiros de habitantes cando as condicións de vida eran moito máis duras e as necesidades moitas máis que agora cando o illamento era case total, cal é razón que levou a semellante perda de poboación e que nun século se perdera case que 4.000 persoas? Hoxe en día os pobos teñen estrada asfaltada, luz eléctrica, pavimentadas as rúas e corredoiras, recollida de lixo (algúns), teléfono (aínda que sexa rudimentario para os tempos nos que nos atopamos), algunha que outra industria que parece ser da moito emprego os caureláns, moreas de turistas que deciden disfrutar dos ratos libres neste paraíso e deixan eiquí algúns cartiños. Alguén pensou en facer un estudio e buscar as razóns a este problema?

Non nos serve de consolo dicirmos que é un problema do rural galego e máis da zona da montaña. Que vamos acabar todos na cidade? Pode que sexa esta unha solución para os nosos gobernantes, meternos a todos nun cortello e deixar o rural a silvas como se di.

A miña condición de persoa que sente aprecio pola terra onde naceu, onde se criou tenme moi preocupado. Dóeme cando me achego a terra, cando percorro as rúas dos pobos e non escoito o choro dos nenos, nin vexo rapaces correndo e xogando polas corredoiras; dóeme cando vexo o que no seu día foron prados e veigas limpas cheas de vacas, as presas que dende o río ou regatos levaba auga para manter verde e fresco o pasto e nelas se reflexaba o sol facendo imaxes inesquecibles, dóeme ver os soutos cheos de maleza onde hasta fai uns anos era riqueza e abundancia, o recordo das datas de outono onde todo era un rebulir de persoas recollendo o apreciado froito; dóeme ollar os camiños e carreiros que de Norte a Sur e de Este a Oeste atravesaban esta terra pechados polas silvas, toxos e maleza en xeral, sento en xeral tristura polo aspecto de abandono e deixadez que está a sufrir, a desidia de que podía facer algo e non o fai, pero eu sigo a ter esperanza, esquezo a tristura cando vexo que aínda quedan moitas persoas que senten e loitan para recuperar e manter vivo O Caurel e manteño a ilusión de que esto se pode arranxar.

Algunha ocasión cóntolle ós rapaces de hoxe en día da sorte que tiveron nacer uns anos antes que eles;

deste xeito aínda puiden contemplar e admirar unha terra viva, con moita xente, moitas vacas nos prados, escolas unitarias nas aldeas con rapaces e rapazas e moitas cousas máis, cousas que aínda conservo gravadas no cerebro e trato de reproducirle a xuventude de agora.

O futuro desta terra pasa pola xente nova, neles está o porvir, o renacer dunha terra que necesita agarimo, pero todos os que nos sentimos caureláns temos o compromiso e a obriga de traballar e loitar, temos que recuperar esa vida, esa actividade de antano, en definitiva O Caurel ten que ser O Caurel e cambiar os datos estadísticos, hai que recuperar o positivo e facer desta TERRA un "patrimonio da humanidade" onde se poda convivir e vivir en total harmonía, home e natureza.

Un caurelán



Foto: E.M.Vila



Hospedería Bar
FERREIRO



- Habitaciones con baño
- Comidas de la zona

Telf.: 982 43 30 65 - 982 43 30 23
Seoane do Caurel (Lugo)

COUSAS QUE ACONTECERON

Dende a data de saída da última CANDEA, a primeiros do mes de agosto, foron varias as cousas acontecidas na nosa terra e que poñemos en coñecemento dos lectores desta revista.

A FERRERÍA DE SEOANE

Temos que rectificar e deixar claro que a información que demos no anterior número de A CANDEA e onde faciamos referencia á compra por parte da Xunta de Galicia da Ferrería de Seoane non foi a correcta. Nós baseámonos na información que, aló polo mes de xuño, se podía ler nos xornais onde se dicía que o Presidente da Xunta cerrara o trato cos propietarios de dito edificio e xa había proxecto de crear un museo etnográfico; por aquelas fomas moitos os que nos causou certa ledicia a noticia; parecía que por fin xa poderíamos disfrutar desta singular e maxestosa construción que tempos atrás era o motor industrial do Caurel e arredores ó falar dunha das fundicións máis importantes de Galicia. Pero agora esta ledicia vólvese incertidume ó non saber cal será o fin que se vai dar ó complexo. Non fai moitas datas os xornais rectificaban e dicían que a Xunta xa non mercaba a Ferrería e ó parecer os seus propietarios seguen nas súas de non permitir as visitas; segundo eles porque a Xunta, cando foi no plan de restauración, non cumpriu o acordado e faltan certas obras por rematar, traballos que inciden na seguridade dos visitantes. Son moitas as chamadas e consultas que tivemos na Asociación "Fonte do Milagro" preguntando cal era a razón de estar pechada ó público cando na parede



Foto: J. Antonio Vázquez Gcampo

penduraba un cartel onde dicía que se investiron máis de 37 millóns das antigas pesetas en tratar de restaurala ou recuperala e a xente non entende como ó diñeiro de tódolos españois non se lle saca algún proveito.

Este tira e afloxa entre administración e propietarios está a converterse nun grave prexuízo para os intereses do Caurel, un problema entre ámbalas partes que veciños e visitantes descoñecemos pero que están a afectarnos; pódese recoñecer que o propietario é quen de facer do seu patrimonio o que lle veña en gaña mentres non se infrinxan certas normas, pero tamén recoñecemos que somos partícipes desta restauración e que temos dereito ó disfrute dela.

Segundo podemos ler nalgún xornal, o novo goberno da Xunta non está pola labor de mercar ou arranxar a situación pero tamén temos que dicir que o anterior goberno nada fixo ó respecto. De pouco serven eses tratos de palabra ou nada, e menos cando estamos en plena campaña electoral.

Aproveitemos para facer un chamamento ás partes implicadas e que dunha vez por todas o problema se arranxe. Xa está ben de esperar, hai cousas que teñen espera, pero todas teñen o seu límite.



Turismo

CASAS

Rural

CARLOS - COMERCIANTE - DOSINDA

6 HABITACIONES
SALON

APARTAMENTO 4 PLAZAS
COCINA

CASA COMPLETA
3 HABITACIONES

Vilamor do Caurel (Lugo)

Información e reserva: Tfno 982 155 618

REBULIR DE FESTAS ESTE VERÁN

De novo, e como é habitual polas datas veraniegas, O Caurel recupera unha imaxe que o resto do ano non ten. Moitos son os emigrantes que volven nestas datas e con eles o rebulir e as festas, pobos e lugares que noutras datas asemellan estar baleiros, recobran a vida que fai anos tiveron. E que mellor para mostrar a ledicia de volver as súas casas, de volver por uns días cos seus familiares, de lembrar anos pasados que organizar unha festa. E así se converte O Caurel nunha ruada, poucos son os pobos que nestas datas non honran ó Santo Patrón da súa localidade, O Santiago en Castro Portela onde durante o ano non chega a 10 as persoas que o habitan pero que no verán, e coincidindo coa festa, multiplícase por dez ou máis as persoas que nel se dan cita. A festa da Ponte de Baldomir: esta celébrase nunha fermosa paraxe á veira do río. É variable pero sempre congrega moita xente. A festa da



Parroquia de Meiraos: unha das de máis sona de todo o Concello, celebrouse o 15 de agosto e aínda que foi perdendo o carácter de romaría e festa de merendas segue a acudir moita xente do Caurel e arredores, A Festa da Ferrería Nova esta organizada polo chiringuito que durante o verán abre á veira do Lor fronte a Ferrería, cabe dicir que durante os meses de xullo e agosto que está aberto organiza tres ou catro festexos musicais. A Festa de Santo Estevo en Froxán os días 20 e 21 de agosto como se leva facendo dende que se cambiara a data de celebración aló polos primeiros dos anos 70, esta festa reúne no pobo multitude de familiares e amigos e os días anteriores e

posteriores as datas da festa o lugar recupera o rebulir e unha vida pouco usual. A festa da Nosa Señora do Carme en Folgoso, hasta fai dous anos esta celebrábase o segundo fin de semana de setembro pero dado que nestas datas xa os emigrantes tiñan retornado os seus lugares de traballo, os veciños e comisión organizadora decidiron cambiar a súa celebración para a última fin de semana de agosto.

A festa en Campelo outro exemplo de vida no verán, os poucos veciños que habitan o lugar vense animados polos que retornan e organizan a Festa do Verán, fai poucos anos que se recuperou pero xa está a coller sona na comarca. O Xesús do bo Poder en Romeor é unha das que pecha o calendario festeiro na zona, celébrase habitualmente a primeira fin de semana de setembro; é unha festa á que acude moita xente, non só do Caurel senón tamén de Pedrafita e outros lugares. O San Mateo en Moreda é a que pon punto e final ós festexos no Concello; celébrase a fin de semana máis próxima ó 21 de setembro. Este ano, de novo, Seceda recuperou a súa festa e honraron a San Blás o 12 e 13 de Agosto; anos atrás esta celebrábase coincidindo coas datas propias a primeiros de Febreiro, pero a recuperación da aldea e a vida que gañou leva a moitos emigrantes, familiares e amigos a retornar e que mellor que organizar un festexo e celebrar esta xuntanza!. Outros lugares celebraron o verán e o regreso vacacional con comidas ou xuntanzas onde non falta o recordo ós tempos pasados e vividos no Caurel fai anos. Desexamos que estas reunións e festexos continúen e así O Caurel recupere aínda que sexa por uns días a vida que tempos atrás tivo.

RUTA NOCTURNA

En xuño a Asociación "FONTE do MILAGRO" organizara unha ruta nocturna e considerouse que fora todo un éxito polo que, ante a chamada de moitas persoas, decidimos organizar outra no mes de agosto e máis coincidindo que bo número de socios se atopan disfrutando das vacacións na "terriña".

A organización foi ás presas e correndo e escolleuse un trazado sinxelo e unha distancia levadeira, así que pensamos no treito entre Vilar de Lor no Concello de Quiroga e o Alto do Boi na estrada entre Quiroga e Folgoso; a data elixida foi 19 de agosto. Ás 9 da noite un autobús recolleu ós participantes no Alto do Boi, lugar de concentración e onde ía rematar a camiñata, e dende alí

ACAMPAMENTO O CAUREL CAMPING - BUNGALOWS



ESPERANTE -SEOANE

RESERVAS:
Viajes QUIMATURS - LUGO
Teléfono (982) 24 61 11
Tfno.: Camping: (982) 43 31 01



trasladalos a Vilar de Lor, punto de partida. O medio cento de participantes antes de comezar a ruta tomaron forzas no Bar da Casa Bonifacio para levar mellor os 10 quilómetros que quedaban hasta o punto de chegada. Coincidiu que a lúa atopábase chea e esto facía un paseo máis agradable, case non foi necesario acender as luces en todo o percorrido xa que a visión case asemellaba a do amencer. Na metade do camiño e con unha vista impresionante do Val do Lor ollando as luces de boa parte dos pobos do Concello e a silueta das montañas decidiuse tomar un aperitivo e o mesmo tempo admirar dende aquel punto estratéxico a fermosura do Caurel, aínda que fora de noite. Rematada a ruta escoitouse todo tipo de opinións e comentarios pero a xeneralizada era que a experiencia valera a pena e que había que instituílo para tódolos veráns.




CERTAME POÉTICO DO LOR



Un ano máis a Casa Bonifacio, establecemento de Turismo Rural en Vilar do Lor foi punto de encontro de poetas. O día 11 de setembro un grupo de poetas da zona sur da provincia de Lugo reuníanse para recitar e falar do mundo da poesía e o seu entorno. É xa habitual que este grupo de artistas se reúnan para tratar sobre o relacionado co mundo literario. Logo dun recital a responsable do establecemento hostelero ofreceu un aperitivo e viño da Ribeira Sacra ós participantes e público que alí se atopaba ó mesmo tempo facía entrega do diploma co que cada ano se recoñece a un dos participantes e se lle da o título de Poeta do Lor. Nesta edición o galardoado foi o poeta caurelán Xesús Galán de Piñeira. O evento estivo moderado


polo poeta de Montefurado, Pepe Pol, que é un dos artífices destas reunións que están a ter continuidade polos diversos concellos da zona.



CASA RURAL BONIFACIO

**6 Habitacións con baño - Cociña tradicional
Fermosas paisaxes da Montaña do Lor**

Vilar de Lor, Quiroga - Lugo Tlf. 982185 449
www.loralto.com



ANTÓN PATIÑO

Para Antón Patiño

"Retrato"

Amigo do seu amigo
enamorado de Lemos,
de Villaoscura, e de Vigo:
i"zarroteiro" que nin os demos!

De empanadas e "papuxas",
"xarroteiro" de Gundivós,
gran coñecedor de bruxas:
ide esmorgas e xoldras, dos bós!

Si coma él, fose eu pintor,
cos meus versos pintaría
a un amigo do mellor,
con fondo de Vigo e da Ría
vestido de trobador:
itrobando na "LIBRERÍA"!

Xermán López Quiroga

No vindeiro número da revista **A CANDEA** sairá publicado un traballo sobre a vida e a obra de ANTÓN PATIÑO. Unha peza importante da cultura galega, falecido hai poucas datas foi colaborador ocasional desta publicación.

Reproducimos unha poesía que nos fixo chegar Xermán López Quiroga.

Antón Patiño Regueira
micolórico, trobador,
cantor da "Sacra Ribeira"
ifoi, de fama, un gran pintor!

Foi galerista e truhán
foi gran fundador lactouro
foi trobador para o Xermán:
ifoi libreiro no "LIBROURO"!

De terra de Lemos, poeta,
ás empanadas e ó viño
lle dá sona con trompeta:
ise son do Sil Cabe e Miño!

SOLICITUDE ALTA SOCIO

Si te identificas co Caurel, si desexas ser membro da Asociación "FONTE do MILAGRO" e si participar nas actividades que o colectivo organiza, recibir a revista A CANDEA no teu enderezo. Cobre os teus datos no seguinte recadro e envía o seguinte enderezo:

Asociación Cultural "FONTE do MILAGRO" Froxán, s/n 27325 O CAUREL Lugo

Apelidos..... Nome:..... D.N.I.....
Enderezo:..... C.P:.....
Localidade..... Provincia..... Teléfono.....

A cota anual é de 16 € e a modalidade de pago:

☐ Domiciliación bancaria
(marca a opción desexada)

☐ Pago en efectivo

☐ Transferencia bancaria

- Para transferencia bancaria podes facer o teu ingreso na conta N° 3070/0006/52/1137510929 aberta a nome da Asociación na oficina de Caixa Rural de Folgoso do Caurel. (Lugo)
- Para domiciliar os pagos cobre os teus datos bancarios.

DOMICILIACIÓN DE PAGOS

N° de CONTA (20 dítos) Titular:.....

Banco ou Caixa Enderezo

Sr Director do Banco ou Caixa: Teña a ben cargar na miña conta e hasta nova orden, tódolos recibos que sexan presentados pola Asociación "FONTE do MILAGRO"
Sr. Director del Banco o Caja: Tengo a bien cargar en mi cuenta y hasta nuevo aviso todos los recibos que sean presentados por la Asociación "FONTE do MILAGRO"

O titular da conta

En, a de de Asdo:.....



A asociación Fonte do Milagro, Colaboradores e Anunciantes
desexámosvos a todos unhas

e Próspero

2006

¡Felices
Festas



**CASA
CATUXO**

**COCINA NATURAL
DE LA TIERRA**

Teléfono para encargos: 982 16 52 13
Ponte de Valdomir - Folgoso do Caurel

recuncho para poesía

Outros Tempos

¡Ai!, Caurel, miña terriña!,
cando andabas ven vestida,
sempre coas cores na cara,
cargabas sona de excrava.
Tiñas os montes coidados,
limpos todos os camiños,
repisados os carreiros,
reverdecetes os prados...
Ainda os vellos hoxe falan
daqueles tempos de
angueira,
das fatigas que pasaron

e o moito que te coidaron:
Cantas cavadas coa aixada,
canto sachar coa picaña,
cantas carradas de esterco
e canto rañar co arado.
Cantas rozadas de estrume,
cantas cozas arrincadas,
cantas tolas, canto fume
e canto pan nas labradas.
Canta herba gadañada,
cantos feixes carrexados,
cantas leiras seituradas

e cantos golpes de mallo.
Cantas castañas nos sotos
esas xentes apañaron,
cos dedíños engruñados
e os vestidos enchoupados.
Canta suor derramada,
canto mequiño e coidado
e ás veces cantos salaios
porque non chega o
esperado:
unha tolada do tempo
e todo o traballo ó carallo.

Aqueles tempos pasaron,
agora tes longas barbas,
e aqueles que te anoxaron
hoxe desfanse en gabanzas.
¿E a túa xente, os
facendados
a onde miran, coitadiño?
Estás abandonadiño
coma un vello malpocado.

Vicente Touzón

Ao Vento

Vento, unhas veces eres
lobo
que ouvea como querendo
devoralo todo
e outras eres alento, brisa
divina,
soplo gratificante
pero,... cando quero nas
miñas máns collerte
¡imposible!
eres vagamundo,
camiñante,

mensaxeiro ca voz leva
desta terra
ata o mesmo ceo.
Eres un curioso,
chamas a tódalas portas,
miras por tódalas fiestras
e queres levantar tódolos
tellados
para levarte os segredos
destas casas
pero sen ti, vento, nin as
árbores serían abanos,

nin os paxaros voarían, nin
as follas viaxarían,
nin os meus pensamentos
alto chegarían
nin a insignificante nube ó
gran sol eclipsaría...
ti fas ás onde nen sequera
hai pés,
bicas e desfloras a tódalas
flores
e con ningunha te casas
porque eres ceibe e libre

por que ere vento,
vento,
forte ou lento,
viaxeiro do ceo
e ata dos mesmos infernos.

Pepe Pol
(Poeta de Montefurado)



graf-nco
CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO **Imprenta**

offset color
diseño gráfico
impresos en xeral

Rúa da Luz nº 4. Polígono de Fingoi
27002 LUGO
Tel.: 982 284 421
Fax: 982 284 758
e-mail: grafnco@cogami.es

**Aberto dende Semana Santa
ata Outubro**

**Unha área recreativa
en plena natureza
do Caurel**

**Carnes á brasa e
productos da zona**

www.sierradelcaurel.com
oponton@sierradelcaurel.com

LU-651 (KM 28) Entre Folgoso e Seoane

Café-Bar
O PONTÓN

**Ferreirós dabaixo
O Caurel
Tel: 982 16 52 18**



**CAIXA RURAL
GALEGA**

**Si desexas formar parte deste COLECTIVO, participar nas ACTIVIDADES
que organiza, recibir a REVISTA no teu enderezo, etc.:
Asociación "FONTE do MILAGRO" Froxán, s/n 27325 O CAUREL - Lugo
A Candeia tamen en: www.galiciadigital.com**